

Ben-Cho-Shey

# Carta a Castelao



Lugo 21 de marzal de 1936  
Sr. D. Alfonso R. Castelao

Querido irman: Pra que te des conta do noxenta que é a política niste Lugo, pra que te decates de como se cumplen os pactos do Frente Popular e de como se practica a republicanización da nosa terra, pra que logo non lle carguedes o grupo de Lugo culpas que non ten, nin nos tachedes de suspicaces, vouche dar conta das cousas que sucederon despois da xuntanza do Consello en Santiago.

Os poucos días de voltar de Compostela recibiu o grupo unha invitación de Unión Republicana, fíxate ben, de Unión Republicana pra que acudísemos a constitución do Comité do Frente Popular. O noso Grupo, que non desexaba outra cousa, foi ali pra cumprir o que se lle habia mandado. A primeira xuntanza acudiron representantes de U.R., de I.R. dos socialistas e nosos. Todos, menos o de I.R. levaban poderes pra actuar; os de I.R. deron en poñer dificultades i en obrar con unha cazurreria de cacique aldeán que a todos lles acaiu mal. Pra segunda xuntanza, que se celebrou xustamente o sábado pasado día 14, xa eran outros os delegados de I.R. pero tampouco eran os



definitivos. Acorduse ir ver o gobernador para facerlle presente que o Frente ficaba constituído e que de ali en diante se nos tivese en conta pras renovacións de xestoras que se levasen a cabo ao igual que se viña facendo nas outras provincias. O gobernador dixo que lle parecía moi ben, i-en efecto, o domingo seguinte constituíase a Xestora de Monforte, onde nós temos grupo, sin que o Comité do Frente se enterase de ren.

Despois de Monforte foi Láncara, e Rábade e Sárria e non sei cantas mais todas nomeadas a espaldas do Comité. Cando eu protestei dixéronme que o Gobernador cumpría ordes que lle daban desde Madrid. Claro que daba a pequena casualidade que por ises días xa estaba en Madrid o Sr. Diaz Villamil.

En esta situación noxenta e desagradable chegamos a onte; tratouse das eleccións municipais. A candida-

# Día da Galiza

25 da Sega. Día da Galiza.

Xornada na qu'a ánima galega comulga co pasado e co porvir, fito remarcabel do actual camiñar galego, ó que amosa o seu vieiro d'un n'outro, cada vegada mais craro, mais rotundamente concreto, no evoluzonante desenrolo do ser galizian, en demanda d'un mañán ceibe e fundamentes seu. Día sagro no que fai ensame de concencia a Galiza viva, a Galiza que sinte na sua carne os doores da Galiza morta, a outra Galiza que esvai-se a sua persoalidade na griseira umbra que proieuta a sobor de sí o veciño; intre de fondo recollemento e sentida contrizón dos «bos e xenerosos» que, diante do altare da propia concencia, alumeado pol-o atavismo da Raza (que batido, mais non abatido, ó longo dos séculos, amosa aínda o coto reuto i-ergueito onde frolecel-a rosa, roxa de sagrefizo, da sua rexa e findeira afirmazon), renovan a saudade acesando unha nova lampadiña a Patrea no intemo santuario, e recóbranse acadando novos azos pra acontinar na teima sagra arranxando enquivocos e co-a sua leición, asiñalando a norma e o vieiro a seguire nos días vindeiros até o fito seguinte que marcará outra estazón no longo, mais comenente *via crucis*, car n'el forxaráse, templado no dór, o Gran Pobo Galego que virá.

¡Día da Galiza! Ó teu conxuro, cuase que fosen meigas d'arripiante santa compañía, veñen encher até ateigala a maxinazón, longas greas de tristesiras lembranzas, días prétos do noso pasado, e aldraxes inesquecentes que terán de non voltare endexamais, car o rexurdimento do pobo, paseniño mais seguro, lumiosa xeira encetada pol-os «Santos Precusores» que foron na vida a Rosalía e o Pondal, o Faraldo e Brañas, o Porteiro e mais, abranguerá a Galiza inteira i-erguerá a sua concencia até a outura da verdadeira diñidade human. D'aquela, os credentes da Ideia, os termadores da fe no seu bon sino, n'un ensoño, cobizosos do tempo, e levados pol-a ilusión a longas alancañadas, hachamos-nos no perto e derradeiro intre do conquerimento da Liberdade, e ollamos o troque operado en todo o paisaxe da nosa vida: atuándonos de igual a igual cos outros parentes da Hespaña e cos irmáns do Portugal e da Irlanda, enchendo un posto inteiro, non, en colaborazón obrigada, un recanto, no concerto dos pobos da humanidade; alentando ceibe, sen cangas a sobor do peito co atafeguen; comendo o pan do seu propio traballo sen medo a voracidade dos bandullos alleos; e donando xenerosamente unha man e un achego a todol-os pobos do mundo.

Galegos de Lugo, en chegando ista data, pra nós sagra, e sen mais tíduos qu'os sermos vosos irmans, pregamos-vos unha lembranza agarimosa e doce pra aquiles hérois da nosa Grande Arela, e un achego pra nós, pra facermos xuntos n'ista Diada da Patria Galega, un homaxe afervoadado e sinxelo o *geos* e o *ethnos* de quen somos, procrmando d'ste xeito a todol-os ventos e rubindo por enriba de todal-as outuras, a fachenda da nosa persoalidade e do noso sangue, e tamen pra comprire ó mesmo tempo c'unha das leises de Deus, de: donar ensiño o que non sabe, pónndo diante dos seus ollos os coores da nosa bandeira en todal-as casas onde mora xente que ten fachenda de ser galega; e acodindo a donar proporcions e quentura os aitos populares a se celebraren n'iste día, donand'o exempro os non sabedores, e contribuindo asina a mór brileza do limpo espello da nosa señeira, que é a de todos.

**¡LUCENSES! ¡AXUDADE POR ORGULO DE GALEGOS A ESPRENDIDEZ DO VOSO DÍA DA GALIZA!**

**O Grupo Galeguista**

Tip. G. Castro, R. Pedro, M - Lugo


Ben-Cho-Shey co seu pai, Pío Ramón Oxea, Deputado provincial do Partido Galeguista en Ourense no ano 1936, a súa nai Matilde Fernández, a súa muller, Isabel Algarra e a súa irmá, Teresa Ramón. Foto tomada no ano 1936 en Ourense



tura de maiorías leva trece nomes; os socialistas non pediron mais que dez postos deixando tres pra que os repartísemos entre os outros tres partidos. O representante de U.R. fixo unha proposición altruista e desinteresada: 6 postos pra os socialistas, 3 para U.R., 3 pra I.R. e un pra nós. Como non houbo xeito de se entender, deixámoslos co as espadas en outo pra o luns.

Pero veleiquí que hoxe entereime de que se nomeou a xestora da Diputación pol-o mesmo xeito democrático que se viña facendo cos concellos e sin darlle tampouco representación os galeguistas. E agora eu pregúntovos, ¿é que coidades que segue sendo nosa a culpa de que Lugo non se vexa libre de caciques e de que se reduza todo a troque de un Pepe por outro Pepe? ¿E que se pode seguir dinamente n-un Comité do que non fai caso o gobernador namentres o que derixe todo iste tinglado sigue sendo o Sr. Villamil?

Eu confésovos que nunca tiven vocación política nin teño ambición nise orde, e que todo isto magoame moito. Si vos coidades que apesares de todas estas porcalladas e de todos istos desprecios eu debo continuar no Comité, fareino como un grande sacrificio da miña dinidade e doéndome moito, tanto mais, cando que coido que iste meu sacrificio será inútil e que os galeguistas non adiantaremos ren porque ista xente ten alma de cacique rural de terceira clase e son incapaces de corrixirse. Van o seu, e como o meu non é iso, e como eu coido que isto non



quere republicanizar a Galicia, nin obrar de xeito democrático, nin ter lealtade cos aliados, nin xiquera ter vegoña, por eso vos agradecería que me librásendes do tormento que para min supón o ter que aturar e tratar a xente de ista calaña.

Vos xuzgades a Lugo pol-o que ocorre en Pontevedra e non hai comparación posible. Ahi dirixe a I.R. un home como Tafall que ten un senso moderno da política i é leal convosco; eiqui temos un cazurro como Villamil cheo de ambiciosos persoas e a quen lle ten sin coitado a renovación dos métodos vellos. O panorama político de Lugo non variou mais que nas persoas que rixen as cousas públicas; os métodos son os mesmos quizares peores, i eso é o que non se pode aturar.

Agora vos dicideiredes.

Unha aperta cordial do teu decote irmau.

Xosé Ramón

Esquencíame decirche que na nova xestora non somentes non se nos deu un posto os galeguistas, sinón que en troque deronllo a un centrista. De donde resulta que o J.P. sigue sendo eiqui o mesmo que foi as eleccións pra deputados, e que os de centro son mais da casa que nos ■

